

## ALGUNHAS IDEAS PARA UN DEBATE NECESARIO E INAPRAZABLE

*A fin de facilitar a fluidez na lectura, prescindíuse de incluír as marcas diferenciais de xénero. Por favor, enténdanse os termos en masculino como hiperónimos englobadores dunha realidade diversa, e non como expresión de exclusión.*

### **A derrota electoral: análise preliminar**

Os resultados das Eleccións Galegas do 1 de marzo foron, sen dúbida, sorprendentes para todas as forzas políticas, tanto para as que resultámos  
5- derrotadas como –se cadra máis aínda– para o partido gañador. Foron sorprendentes, tamén, para os asinantes destas páxinas, pois, a pesar dos erros e omisións en que caeu o goberno bipartito, a percepción case unánime era de desencanto pero con continuidade. Porén, os feitos son incontestables, e tales previsións estiveron lonxe de cumprirse. Por tanto, é o momento de pasar da  
10- sorpresa á comprensión dos feitos, pois resulta evidente que, por máis inesperados que fosen, os resultados electorais non son inexplicables: o pobo non fala por xeroglíficos –nin os entende.

É innegable que o pobo falou alto e claro, e debe ser escoitado e respectado. É  
15- unha tentación frecuente da esquerda, perante os fracasos electorais, atribuír as causas á ignorancia dunha parte importante do corpo electoral ou a causas exóxenas á práctica política propia. Trátase do camiño máis fácil, pero non debemos nin podemos adentrarnos nel. Os cidadáns, no momento de escoller o voto, teñen bos motivos para facelo: uns motivos son máis elaborados; outros,  
20- máis elementais e/ou inmediatistas; pero todos, sen excepción, válidos e suficientes. Defender o contrario sería pecar de soberbia, que en política é un pecado capital cuxa penitencia acostuma ser extremadamente pesada.

Nalgunhas análises poselectorais ten se falado, non sen razón, da existencia  
25- dunha cultura sociolóxica profundamente conservadora que permea o corpo social galego, máis preocupado por saber “quen manda”, “o que facedes cos meus cartos” e “o que hai do meu” do que por conceptos políticos. Sería propio de cegos (do tipo dos que non queren ver) pensar que isto explica a derrota do bipartito, pois a existencia dese mesmo conservadorismo sociolóxico xoga, en  
30- principio, a favor de quen detén o poder. En calquera caso, é necesario saber transmitir á sociedade a acción de goberno –cando se ten esa oportunidade– atendendo ás claves coas cales esa mesma sociedade a vai interpretar.

Con todo, sería ao noso xuízo un erro monumental pensar, como se tenta  
25- transmitir por parte dos gañadores, que as vitorias do PPdeG son naturais e –excepto catástrofe– case inevitables, mentres as das forzas progresistas son puramente anecdóticas ou accidentais. A maioría da cidadanía, desde 2003, votou decididamente polo cambio, pediuno e deunos a oportunidade de aplicalo: non lle gustou o que viu e decidiu recuar, polo que o que toca a partir de agora é  
30- (re)construír un discurso ideolóxico, unha práctica política e unhas actitudes organizativas que permitan que esa parte da sociedade á cal decepcionámos

pola ausencia ou insuficiencia de cambio teña no BNG o seu referente de presente e de futuro. E gustaríanos aquí facer un apuntamento importante: do noso punto de vista, o feito de que unha parte substancial da base social e electoral do BNG sexa moito máis crítica e esixente á hora de concedernos o seu voto e a súa confianza non é un problema, senón, moi polo contrario, un enorme capital social e político e un factor diferenciador do BNG como forza política verdadeiramente alternativa. É ben sabido que a utopía de onte é a rutina de hoxe; pois ben, o desafío é construír (repetimos: construír, non só escribir), a partir de agora mesmo, a utopía do presente, para que no futuro máis próximo posible se torne rutina.

Por outra parte, é preciso non perder de vista que nin os ciclos políticos virtuosos son ilimitados no tempo, como puidemos chegar a pensar nos anos '90, nin o son os ciclos negativos. Depende de nós impedir que o que hoxe é unha tendencia de descenso en apoios se convirta nun ciclo vicioso.

Por iso mesmo, chegou o momento de facer unha análise serena, construtiva, sincera e leal dentro do BNG. Unha análise que incorpore debates que foron adiados desde hai máis dunha década e que permita superar as eivas –non conxunturais– que nos levaron a esta derrota. Pero tendo claro que o debate e a autocrítica, ademais de imprescindibles, son nesta altura oportunos, mais non deben ser oportunistas. É nesa dirección de debater lealmente, sen coartadas nin medias verdades, pero tamén sen instrumentalización da derrota en favor de intereses cativos, na que os asinantes destas liñas desexamos facer chegar ao conxunto da militancia do BNG a nosa contribución.

Retornando á análise da derrota electoral, sería tan absurdo non recoñecela en toda a súa dimensión como ignorar a permanencia dun voto progresista/nacionalista que representa o 50% do electorado. O problema non é a magnitude cuantitativa do retroceso das forzas que sustentaban o goberno, senón a súa relevancia cualitativa, non só porque representa a perda dun Goberno de progreso para Galiza, senón porque as perspectivas que se abriron hai catro anos non foron aproveitadas. E non o foron nin para consolidar o cambio, nin para obrigar o PPdeG a reformularse, cando o certo é que en 2005 a cidadanía os deixara vencidos e virtualmente desarmados. Máis preocupados por medrar electoralmente fronte ao socio de goberno, nin nós nin o PSdeG nin ambos quixemos ou soubemos definir unha estratexia nese sentido, torpeza aínda máis grave despois dos resultados de 2007, que supuxeron un serio toque de atención ao bipartito –lamentablemente ignorado polas dúas forzas que o compuñan– pero tamén o que parecía ser o tiro de graza ao modelo caduco do PPdeG. Demos por sentado que o bipartito ía continuar outra lexislatura, negligenciando a identificación do noso inimigo común e principal.

En resumo, na nosa opinión o grande pecado do bipartito e das forzas que o formámos consistiu en dilapidar o inmenso caudal de poder e de lexitimidade política que lle foron concedidos para protagonizar o que debería ter sido unha

mudanza histórica rumbo á esquerda. En vez diso, produciuse unha desconexión cos sectores máis dinámicos da sociedade, e ignoráronse os avisos recibidos durante o período de goberno. Se as forzas progresistas desexan recuperar o seu crédito social e a capacidade de determinar a orientación da política galega, imponse a autocrítica, o recoñecemento dos erros cometidos e a apertura dunha crise que sexa de madurez e de crecemento, fuxindo da autoflaxelación, pero afastándose radicalmente de calquera forma de autocompracencia. É urxente, ao menos por parte do BNG, a recomposición das relacións cos movementos ecoloxista, sindical, cultural... que se afastaron de nós ora polas nosas políticas, ora polo noso pasivo e cómplice consentimento ás políticas practicadas polo PSdeG. E dicimos que é urxente porque a sociedade galega exige e espera recibir de nós, de maneira inmediata, sinais inequívocos de rexeneración.

### **Asumir e xestionar a autocrítica en clave de futuro**

Falámos no final do apartado precedente de urxencia e inmediatez, conxugadas con serenidade e ausencia de precipitacións. É un panorama difícil de xestionar, certamente, e debemos dar o mellor de nós mesmos para estar á altura das circunstancias. A xenerosidade, a humildade e a altura de miras, unidas á renuncia a comportamentos en defensa de intereses particulares, constitúen un bo punto de partida para afrontar o proceso. Xunto con estes ingredientes, debemos asumir que o exercicio de autocrítica foi moi escaso ao longo dos últimos tempos, mentres que debería ser unha constante nunha forza de esquerdas, transformadora e/ou revolucionaria. Facer autocrítica, no noso xuízo, non debería ser nunca doloroso; porén, agora inevitablemente o será, pola falta de costume. Igualmente, será doloroso ter que relevar persoas válidas e capaces, mais a súa responsabilidade na traxectoria da organización impón que o relevo sexa unha das moitas condicións necesarias para iniciar un novo camiño. Porén, non se debe confundir o todo coa parte: a simple substitución de persoas pode ser suficiente para forzas políticas que non pretenden transformar as relacións de poder na sociedade, senón simplemente acadar as maiores cotas posibles de poder institucional como un fin en si mesmo. Nós necesitamos moito máis do que iso: debemos mudar a nosa relación coa sociedade, en todos os ámbitos, tanto de proxecto e de discurso como de práctica política e de actitudes. Cometémos erros de pensamento, de palabra, de obra, de omisión e de intromisión, e por iso mesmo debemos abordar todos eses aspectos desde posicións renovadas e rexeneradoras.

Nada do anteriormente dito poderá conseguirse sen a (re)mobilización e (re)activación da militancia e da base social do BNG, cuxo protagonismo na vida organizativa ten descido alarmantemente. É desexable, e pensamos que así acontecerá se se adoptan as medidas axeitadas, que o actual momento axude a revitalizar a actuación da militancia, a implicación dos simpatizantes e a reaproximación da nosa base social. Caso contrario, a organización corre o serio perigo de consumirse, lentamente, por fermentación anaeróbica.

Debemos comezar asumindo que os resultados electorais, entendidos non como un feito puntual senón como parte dun proceso de perda de apoio social, constitúen unha derrota sen paliativos, mais non son nin moito menos catastróficos. Pero... poden chegar a selo. Non cometeremos o erro de ignorar que o resultado electoral non se debeu unicamente a erros propios do BNG, senón tamén a factores externos extremadamente adversos. Con todo, tampouco pretendemos pór unha venda nos ollos e asumir que son eses os factores cruciais do proceso de progresivo decaemento que vimos sufrindo. Ademais, non cabe a nós transformar aquilo sobre o que non temos poder para incidir, senón colocar en orde a nosa propia casa.

Tales factores externos son facilmente identificables e están na cabeza de todos: a situación de crise económica e o papel dos medios de comunicación. No que fai referencia á crise, consideramos que foi un factor coadxuvante –pero en ningún caso unha causa suficiente– ao mal resultado das forzas do goberno de coalición, por canto os sectores máis desfavorecidos, que a principio son os destinatarios privilexiados das mensaxes de esquerda, son os que máis sofren o castigo da situación económica adversa e resultan máis refractarios á mobilización electoral cando o que prima é a preocupación pola economía sobre as inquietudes políticas. Como insistiremos máis adiante, tamén nisto cometemos un erro dificilmente explicable, cal foi o de renunciar a dar unha batalla ideolóxica que, independentemente da súa previsible boa repercusión electoral, era unha obriga ética e política dunha forza de esquerdas como o BNG. Será difícil que nos atopemos en moito tempo, en pleno período electoral, cun panorama tan favorable para tornar visibles os perversos efectos das bases actuais do sistema capitalista, os seus desequilibrios sociais e territoriais e as responsabilidades dos actores políticos e sociais nese campo. En resumidas contas, desperdiciámos unha oportunidade única de demostrar que, ademais de non sermos todos iguais, tampouco defendemos todos as mesmas cousas. Xa no relativo aos medios de comunicación, unha primeira análise de superficie permite constatar o evidente, e é que na campaña electoral (quen dixo que as campañas non deciden eleccións?) a axenda política marcouna o PPdeG/PP en alianza cos medios máis acirradamente conservadores, tanto os que se cren donos de Galiza e capaces de pór e quitar gobernos ao ditado da súa voz canto a prensa ultraconservadora de Madrid (a laica-sectaria, a cristiá-monárquica e a ultramontana-neocon). Esta alianza de intereses espurios –expresada nunha campaña de crispación xa moi ensaiada pola dereita española– levou a que, paradoxalmente, fosen os sectores sociais máis (des)informados os que decidiron o resultado electoral. O que proba que máis informados non equivale necesariamente a mellor informados, pois se por algo se caracterizaron estas eleccións foi polo nivel de intoxicación informativa, nun cóctel de viles mentiras, medias verdades interesadas, ocultacións, terxiversacións, difamación e infamias, cuxos principais obxectivos foron o BNG e a lideranza que socialmente o representaba. Permítasenos dicir neste punto que, cando se trata de solidarizarse coas vítimas destes mesquiños ataques, todos somos eles e elas.

170– Profundando un chisco máis na análise do papel dos medios, consideramos que, xunto á defensa máis fervorosa da liberdade de expresión e de información, o noso carácter radicalmente democrático e a nosa responsabilidade social exixen de nós un esforzo de clarificación á cidadanía. Ou sexa: a sociedade ten o dereito de ser informada desde todas as perspectivas ideolóxicas, sen censuras  
175– nin autocensuras, sen restricións políticas de ningunha índole; pero ese dereito tamén inclúe o de saber, entre outras cousas, que grupos de poder son accionistas deses mesmos medios; en que outras iniciativas empresariais participan os referidos grupos; con que entidades financeiras teñen débedas; de que administracións públicas reciben contratos, subsidios, avais ou  
180– condonacións; etc. Só con esas premisas será posible que exista plena liberdade non só na difusión de información e de opinión, senón tamén na súa recepción e interpretación; ou sexa, unha liberdade plena e bidireccional, no canto dunha dependencia social no ámbito da comunicación a respecto de medios que se presentan como independentes e (des)informan de todo e de todos, excepto de si  
185– mesmos. É obvio que, no caso concreto do BNG, estamos á mercé da marea informativa (que ás veces adquire proporcións de temporal ou até de *tsunami*) que os medios privados producen, tanto pola nosa posición ideolóxica de oposición ás elites oligárquicas que os controlan como pola práctica inexistencia de medios que nos traten coa imparcialidade democraticamente exixible. Trátase  
190– dunha realidade incontestable e seguramente non susceptible de ser modificada a curto prazo, pero iso non impede que sexa un imperativo ético a participación, xunto con todos os sectores sociais de esquerdas, progresistas, galeguistas e/ou simplemente democráticos, no impulso á apertura ou expansión de medios de comunicación verdadeiramente libres e independentes, críticos e apartidistas.  
195– Pouco importa que eses espazos de comunicación teñan un alcance limitado, ao menos no inicio, pois a súa simple existencia é unha necesidade democrática; e, por outra parte, non debemos subestimar a fortaleza dos sectores máis críticos da sociedade galega, aínda máis nun contexto no cal a intoxicación realizada por parte dos medios de maior implantación pode producir unha perda da súa  
200– credibilidade aos ollos de moita xente, independentemente da súa ideoloxía e da súa opción de voto.

A pesar da evidente transcendencia deses factores externos sobre o resultado electoral, o certo é que o cerne do declive electoral do BNG radica en factores  
205– propiamente políticos que é necesario ponderar. Como xa dixemos na introdución, na nosa opinión os resultados obtidos non son catastróficos, nin merecíamos certamente tamaño castigo. O BNG fixo unha boa tarefa no Goberno Galego, o cal, no seu conxunto, pode ser avaliado como aceptable. Pero nin nós nin os nosos socios de goberno conseguimos traspasar nitidamente a barreira  
210– entre administrar e facer política. Houbo por parte do BNG acertos importantes de xestión, houbo o inicio promisor dunha transformación estrutural nalgunhas áreas, pero todo iso ficou ofuscado pola incapacidade de transmitir á sociedade esas mudanzas. En poucas palabras: cometémos algúns erros, mais sobre todo moitas torpezas, e son estas as que habitualmente conseguen un maior eco

215– social.

Neste punto, queremos traer á tona o Pacto de Goberno asinado polo BNG e o PSdeG en 2005 e revisar o nivel de incumprimento por parte do un, do outro e de ambos os dous. Falamos do que prometemos e non fixemos, e non do que  
220– efectivamente cumprimos, que foi moito, por dous motivos: por ter sido este un dos factores esenciais da desmobilización do electorado progresista, e porque dos méritos do BNG –que tamén os houbo e deben ser recoñecidos e reivindicados– falaremos máis adiante.

225– No referente aos incumprimentos por parte do BNG, foron escasos, é ben certo, pero desde logo algúns deles tiveron unha grande repercusión. Citaremos como os principais os seguintes: (i) “garantía da igualdade e da transparencia no acceso aos postos de traballo no sector público galego, baseado en criterios de mérito, capacidade e libre concorrencia. O proceso de selección utilizará  
230– procedementos obxectivos”; (ii) “Plan de Desenvolvemento Cultural, integrando tanto os desafíos actuais da nosa vida cultural como as propostas de axentes, creadores, colectivos e corporacións locais”; (iii) “creación dun *cluster* coas empresas do sector galego das telecomunicacións” ; e (iv) “impulso do Consello da Xuventude para o fomento do asociacionismo e da participación e  
235– representación”.

Entre os erros conxuntos, destacamos: (i) “establecemento dunha regulación transparente e obxectiva das relacións coas empresas privadas de comunicación”; (ii) “reformarase o seu regulamento [*do Parlamento*] co fin de  
240– axilizar o seu funcionamento”; (iii) “reforzamento da autonomía e dos medios dos órganos consultivos e de control”; (iv) “impulso dunha solución concertada na que participen todos os axentes implicados, que procure unha ubicación alternativa para a factoría de Ence, fora da Ría de Pontevedra, e o peche do ciclo produtivo no noso país”; e (v) “a Xunta, cos axentes económicos e sociais definirá un pacto  
245– pola industrialización”.

Canto aos incumprimentos por parte do PSdeG, a lista é tan extensa que nos vemos obrigados a ofrecer a seguir unha breve antoloxía, ordenada tematicamente:

250–

- Garantías democráticas, Administracións Públicas e Acción Exterior

255–

- Reforma da Lei Electoral que garantirá a paridade de xénero nas listas electorais, a mellor adecuación entre electores e deputados, así como as garantías de emisión de voto polos electores emigrantes.

260–

- Elaboración dunha lei que garanta a autonomía e o carácter de servizo público da CRTVG. Esta lei establecerá o nomeamento do director xeral por maioría cualificada do Parlamento.

- O Goberno galego coordinará a actuación das deputacións provinciais galegas por medio dunha Lei de coordinación e da elaboración dun Plan Único de Obras e Servizos.
- 265–
- O Goberno galego impulsará que a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza se erixa nun verdadeiro órgano descentralizado de Goberno do Poder Xudicial.
- 270–
- Aprobación dun programa de galeguización da Administración de Xustiza.
  - Elaborarase unha Lei da Policía que supoña a creación e despregamento da policía galega.
- 275–
- Un acordo sobre a transferencia das competencias pendentes, en especial en materia de policía e seguranza pública, a formación continua (conforme a xurisprudencia constitucional), a inspección de traballo, salvamento marítimo e a ordenación, xestión e saneamento do litoral.
- 280–
- Regularanse as axudas ás comunidades galegas no exterior garantindo a igualdade de oportunidades e a distribución obxectiva.
- 285–
- Creación dunha Institución para a promoción exterior da lingua e da cultura de Galiza.
- Territorio e Medio Ambiente
- 290–
- O Goberno galego impulsará unha nova organización administrativa do territorio galego baseada en comarcas, rexións e áreas metropolitanas.
- 295–
- Artellamento do sistema de cidades no conxunto da eurorrexión Galiza–Norte de Portugal.
  - Pulo das áreas metropolitanas, rexións urbanas e semiurbanas como espazo de planificación.
- 300–
- Mellorar as conexións intermodais de portos e aeroportos.
  - A Xunta elaborará un plano de transporte público de cercanías nas áreas metropolitanas de Ferrol-Coruña e de Pontevedra-Vigo.
- 305–
- Actuacións nas infraestruturas portuarias que coordinen e especialicen os portos galegos.

- Rexeneración, preservación e saneamento integral das Rías.
- 310–
- Novo plan de residuos que contemple a planta de Sogama como unha incineradora nun prazo de oito anos.
- Economía, Finanzas e Relacións Laborais
- 315–
- O avance no autogoberno debe ir parello a un novo modelo de financiamento público que, baseado nos criterios de suficiencia e equidade, incremente de forma substancial a responsabilidade fiscal e a autonomía financeira de Galiza e garanta a suficiencia dinámica dos recursos dos poderes públicos galegos para avanzar na converxencia real de Galiza cos territorios máis desenvolvidos do Estado e de Europa.
- 320–
- Estudiarase a creación dunha Axencia Tributaria galega consorciada coa Axencia Tributaria do Estado.
- 325–
- Creación dun organismo público que actúe como instrumento de xestión da política financeira, de axuda aos sectores produtivos, integrando as competencias que actualmente exercen o Igape, a SPI e as empresas xestoras de capital risco dependentes da Xunta.
- 330–
- Unificación nun organismo dos actuais instrumentos de financiamento empresarial públicos: Sodiga, SPI, Igape, sociedades de capital risco e avais, etc.
- 335–
- (...) Eses obxectivos acadaranse a medio do Diálogo social e como froito do mesmo asinaremos un acordo coas organizacións empresariais e sindicais que considere un novo modelo de desenvolvemento económico.
- 340–
- Educación
    - Proporemos un Pacto social e político pola educación que acade un consenso básico na política educativa e universitaria.
- 345–
- Elaboración e negociación, cos representantes do sector, dun Estatuto da Función Pública Docente.
  - Lei de Universidades que regule o sistema universitario galego.
- 350– Con estes socios, non precisamos inimigos... E, como analizaremos despois, é premente revisar cal debe ser o noso relacionamento, aquí en adiante, co PSdeG. Pero non cairemos nós na tentación de culpar do noso fracaso ao socio

—como outros tentan facer a respecto do BNG—, entre outras moitas cousas porque, relendo a lista con vagar, pódense atopar moitos puntos nos cales o BNG non fixo a presión suficiente como para conseguir que o cambio acontecese e fose socialmente visible. Sexa como for, da lectura das liñas anteriores se deduce facilmente que, como dixemos previamente, á cidadanía lle sobran motivos para non confiar no PPdeG, pero as forzas políticas do bipartito tamén llos demos para que o pensasen máis dunha vez antes de aceptar unha segunda cunca.

Houbo, si, erros, torpezas e incumprimentos. Pero tamén un nutrido catálogo de acertos, que deben ser recoñecidos e reivindicados en toda a súa importancia. Como tamén debe ser reivindicado e valorado o esforzo e, en moitas ocasións, o sacrificio persoal de moitos dos que participaron na acción de goberno, pois non convén, agora nin nunca, confundir a sempre saudable autocrítica co exercicio oportunista do c(a)inismo. Non podemos prescindir de ninguén, e moito menos dunha xeración xove e con futuro. Fraco favor faríamos, por outra banda, se limitásemos a *auto*-crítica a criticar os dirixentes sen incluír como un factor esencial do actual fracaso a análise do papel politicamente pasivo que o BNG como organización ven xogando desde hai tempo, e que necesita ser corrixido sen demora. Mais non nos desviemos: falando de acertos, é xusto recoñecer que tivemos dous méritos fundamentais, como foron o de conseguir marcar a axenda política do Goberno, a pesar de ser a forza minoritaria, ben como o de consolidar a visualización pública da nosa lideranza. Isto frustrou —e foi un indubidable mérito dos membros do BNG no Goberno— as expectativas do PSdeG, que mudou o innobre propósito de fagocitarnos polo non menos indigno de dedicar as súas enerxías a impedir que gobernásemos, no canto de aplicarse a facelo eles. No referente aos logros de xestión, é obvio que a política para o rural puxo a semente dun proxecto de futuro viable e ilusionador (que corre o serio risco de ser abortado polo novo Goberno Galego); e o mesmo se pode dicir da política social impulsada desde a Vicepresidencia, do Plano Sectorial de Vivenda ou da reformulación das políticas deportivas, patrimoniais e de estímulo das industrias culturais en termos nacionais, como iniciativas máis importantes.

Entón, se fixemos unha xestión máis do que razoable e puxemos en marcha mudanzas estruturais favorables ao conxunto do país, é ineludible que nos preguntemos: o que fallou? Na nosa opinión, moitas cousas, pero se houberse que resumilo, diríamos que fallámos estrepitosamente na estratexia e na comprensión dos ritmos políticos do país. Comezaremos por este último aspecto, con dous exemplos patentes. Primeiro exemplo: o Plano Sectorial de Vivenda, un proxecto esencial que até agora ningún executivo galego tiña abordado con seriedade. Nós fixémoslo, é ben certo, pero non tivemos a habilidade de pactalo co PSdeG e de dialogar coas entidades locais para crear as condicións que lle desen viabilidade. Ao contrario: permitimos que se volvese na nosa contra e que na sociedade fosen moitos máis os que o percibiron como unha ameaza dos que o consideraron unha conquista. Segundo exemplo: a política lingüística, na cal, non tendo responsabilidades de xestión, debemos revisar aspectos básicos da

nosa liña política. Non se pode confundir a irrenunciable firmeza na defensa,  
400– promoción e normalización do galego, coa intransixencia. Este é un elemento tan  
esencial que merece ser tratado co maior coidado tanto na definición do que  
facer, como nos modos de facelo e de presentalo, como, finalmente, na escolla  
das persoas responsables por esta área. Ou comezamos a acertar en todos  
estes aspectos, ou estaremos contribuindo moi negativamente á causa da lingua.

405– No que se refire aos nosos erros de estratexia, como acontece cos  
incumprimentos do PSdeG canto ao programa de goberno, teñen sido tantos que  
non nos resta outro remedio senón facer unha listaxe, neste caso ordenada  
cronoloxicamente e restrita ao período pós-Prestige:

410–

- Xestión municipal 2003–2007

415– ● Non se capitalizou o acceso aos gobernos municipais para facer  
efectiva e socialmente visible a lideranza da esquerda na condución  
do país e o papel central do BNG nese eventual novo rumbo  
político.

420– ● Aceptámos un papel submiso a respecto do PSdeG nos gobernos  
das grandes cidades onde éramos o socio minoritario da coalición,  
resignándonos a influír, no mellor dos casos, nas áreas de xestión  
que ficaron baixo a nosa competencia. No caso das deputacións  
provinciais, o noso papel ten sido, se cabe, máis pifio aínda.

425– ● Non creámos, a partir do ámbito local urbano, novas lideranzas  
sociais. E nin sequera renovámos, na maioría dos casos, lideranzas  
xa desgastadas.

430– ● Non concedémos a suficiente importancia á política local,  
probablemente por unha tradición da cultura política do propio BNG,  
que durante moito tempo considerou a fragmentación en municipios  
un elemento contraditorio coa consideración de Galiza como  
unidade nacional, en vez de pensar os concellos como ámbito  
privilexiado de acción política próxima aos cidadáns, no cal  
materializar proxectos que constrúan a nación desde a base e  
435– conquistar a adhesión a un proxecto político global para o país.

440– ● Non puxemos en marcha proxectos supra/intermunicipais nin fomos  
quen de debilitar o papel das Deputacións en favor de estruturas  
máis acaídas á nosa realidade histórica pasada e presente, ben  
como ás necesidades presentes e futuras.

A pesar de todo iso, a simple consecución dun acordo global co PSdeG para o  
ámbito municipal, así como o feito de que as Eleccións Galegas de 2005  
coincidisen cuns gobernos bipartitos locais aínda recentes, facilitou

445– extraordinariamente que se percibise que o cambio na Xunta, por tanta xente longamente desexado, era verdadeiramente posible. E foi.

- Xestión autonómica 2005–2009 e campaña electoral 2009

450– ● O momento de maior lexitimidade social dun novo goberno é o inicio da lexislatura. Por tanto, é o período no cal se deben acometer as reformas ideoloxicamente máis ambiciosas. Obviamente, o PSdeG non estivo –nin estará– polo labor, de xeito que era evidente que só nós poderíamos cumprir ese rol. En vez diso, dedicámos ese tempo, o máis valioso de todos, a buscar aproximacións ao empresariado autóctono que non foron nin ben explicadas nin, consecuentemente, ben entendidas. Xogar nun campo que non é o noso mostrouse moi perigoso, non só porque sería absurdo pensar en conseguir novos apoios significativos, leais e duradeiros, senón porque ademais resta unha boa porción dos apoios tradicionais –os cales, se alguén pensou que eran terra conquistada, obviamente non o son á vista dos resultados.

465– Por certo, permítasenos comentar neste punto a flagrante contradición entre tentar alianzas coa alta burguesía, por un lado, e tratar colectivos enteiros do BNG como inimigos. É certo que houbo moito de marxinação dos disidentes, pero tamén automarxinación destes; con todo, é ineludible que a asunción de responsabilidades sexa feita, de maneira proporcional ao seu poder, polas dúas partes: de quen os excluiu, por facelo; e dos excluídos, por lanzar mensaxes externas de desgaste ao conxunto do BNG, ofrecendo con excesiva frecuencia a impresión de ter se situado na lóxica do “canto peor, mellor”.

475– ● Numerosos e moi relevantes incumprimentos do bipartito a respecto do prometido, notadamente no referente á rexeneración democrática. De pouco vale dicir que na inmensa maioría dos casos a responsabilidade directa foi do PSdeG, por máis que sexa certo, pois non o é menos que a forza minoritaria de calquera goberno está sempre máis exposta ao castigo. Ademais, como se pode comprobar analisando a lista de promesas non cumpridas que ofrecémos en páxinas anteriores, é evidente que case todas esas propostas o eran do BNG, e na medida en que non tivemos nin habilidade nin forza para levalas ao cabo, nesa mesma medida debemos asumir que fracasamos.

485– ● A base electoral do BNG foi moi receptiva á liña desinformativa de certa prensa galega a respecto dos estilos (neocaciquís) do BNG. E, efectivamente, nos estilos de goberno houbo unha preponderancia de modelos de lideranza personalistas e de

490–

495– prácticas clientelares, moitas veces promovidas desde abaixo, desde as nosas propias “organizacións” e representantes municipais, que demandaban unha atención xa non preferente, senón mesmo privilexiada. Defender unha nova cultura política para o país (de legalidade, de dereitos, de atención ao interese xeral do país) parecía en ocasións máis ben expresión de brandura ou de pouco compromiso militante.

500– ● Equivocadísima aposta polo ámbito rural en detrimento do urbano. O país é o conxunto dos dous e hai que facer política para os dous, nunha perspectiva integral e integrada, pero se algo está claro é que foron as cidades as que nos levaron –en coalición desvantaxosa, ben é certo– ao poder na Xunta. Non se nos interprete mal: non estamos defendendo o electoralismo, a pesar de que unha forza que hai máis de vinte anos optou pola participación plena nas institucións tampouco pode desprezalalo, senón que asumimos o que a historia pertinazmente nos ensina, e é que, excepto en situacións excepcionais de crise alimentaria, son as cidades as que marcan as tendencias, mentres o ámbito rural muda máis devagar. Isto tamén significa que hai que marcar ritmos políticos diferentes: consolidar o apoio urbano con medidas máis ousadas e transformacións máis rápidas, e gañar a adhesión rural máis amodiño, con políticas de longo percorrido. A maiores, é necesario entender que as políticas emanadas das instancias centrais galegas teñen que estar coordinadas co traballo local. Para iso precisamos fortalecer o BNG tanto organizativa como politicamente nas localidades e comarcas, reactivar a militancia, constituír equipos, formar cadros e ter lideranzas. E, para sermos sinceros, non andamos sobrados de nada disto, e non temos investido en inverter a situación; máis ben ao invés: a Administración autonómica sugou os nosos cadros, e as relacións entre as esferas locais do BNG e o BNG-Xunta limitáronse demasiadas veces a unha dependencia das primeiras a respecto do segundo.

525– ● Non entendémos, en grande medida, a sociedade para a cal gobernábamos, e este é un prerequisite imprescindible para poder transformar o país. Por exemplo, na política social o BNG cambiou a política de favores por unha política de dereitos, no que sen dúbida é unha das mellores contribucións do BNG á sociedade galega, ademais dun logro firme que non poderá ser removido sen provocar un rexeitamento social masivo. Fixemos o que debíamos, e ademais non fixemos o que non debíamos: ou sexa, cobrar no momento das eleccións o voto aos beneficiarios. Algúns pensaron que iso, ademais de ser antiético e impropio dunha forza de esquerdas, tamén era innecesario, e neste último punto ficou ben á

vista que erraron. Máis unha vez, isto demostra que hai que collerlle o ritmo á xente, ou acabaremos pisando á nosa parella de baile.

- 540–
- Non aproveitámos o espazo dado polos medios de comunicación ao proceso de debate para a reforma do Estatuto para explicar, claramente, na práctica, pegados ao terreno, os porqués da necesidade dun “Estatuto de nación”, até o punto de que esta expresión acabou sendo percibida como un *mantra* do BNG.

545–

Deixámonos enlear na diatriba nominalista que plantexou o PPdeG, nun terreno onde claramente levaba toda a vantaxe, e aínda por riba non conseguimos que o PSdeG asumise unha posición firme de defensa do novo Estatuto. En resumidas contas, non acadámos o novo Estatuto nin a implicación do PSdeG e do PSOE de cara a

550–

espremer e a aumentar o marco competencial, perdemos a comprensión e o apoio de amplos sectores sociais e, por se iso fose pouco, partimos en posición francamente debilitada nunha eventual retomada do debate. E, por último, un brevísimo apuntamento: son numerosas as nacións que teñen estatutos de autonomía, e son moitas máis as que carecen de calquera instrumento normativo homologable, pero as nacións donas do seu destino non teñen estatutos, senón Constitucións democráticas e republicanas, polo que se do que se trata é de queimar as naves, polo menos que sexa feito en nome do obxectivo maior; e se se opta por ser

555–

posibilista, hai que saber moverse coa habilidade dos funambulistas.

560–

    - A base da acción política está composta, polo menos, de tres elementos insubstituíbles: feitos, proxectos e discurso. As organizacións políticas nacen por e para iso, e o BNG non pode considerarse a si mesmo unha excepción, polo que se falla unha das patas do trípode, o risco de caída é ineludible. Como xa ficou exposto, o BNG, na nosa opinión, aprobou no apartado nos feitos. Pero deixou para setembro o tocante aos proxectos de futuro, e suspende rotundamente na articulación dun discurso político alternativo. Este último aspecto é tanto máis grave na medida en que nos encontramos inmersos en plena crise estrutural do sistema de produción preponderante, coa conseguinte exacerbación e percepción social das súas contradicións. Ou sexa, nun contexto idóneo para dar o combate de ideas que se lle presupón a unha forza xenuinamente de esquerdas. Para que se nos entenda: propor medidas como a creación dun ICO galego e dunha Axencia Tributaria propia, ou a reforma das caixas de aforro, é algo louvable e que debe ser feito. Pero facer de propostas como esas o eixo do noso discurso é perder a perspectiva da potencialidade política que o momento histórico nos ofrece e do que é ser de esquerdas.

565–

570–

575–

580–

- Cando se fai crítica da acción governamental, non se pode ignorar as limitacións dos instrumentos de poder e dos recursos financeiros, e no caso da Xunta, tal como actualmente está deseñada, as carencias nestes aspectos cruciais son evidentes. Pero o que resulta dificilmente comprensible é que non se faga política desá na que non se necesita gastar nin un patacón, esa cuxos ingredientes son a lucidez, a coraxe, a intelixencia, a capacidade, a habilidade e a humildade, e cuxos froitos adoitan ser o entusiasmo e a mobilización da maioría social. Sinceramente, no final do mandato custa discernir se nós pasámos pola Xunta ou se a Xunta pasou por nós. Ou, noutras palabras: se tivésenos que resumir a acción do BNG durante esta lexislatura, poñamos por caso nun libro de texto de historia, poñamos por caso dentro de quince ou vinte anos, poñamos por caso nunha soa liña, que mensaxe mandou o BNG ao pobo galego? Como aproveitou, na máis nobre acepción da palabra, a confianza nel depositada para devolver á sociedade esa confianza non só intacta, senón multiplicada en feitos, en proxectos e en expectativas dun futuro mellor, máis libre, máis próspero e máis digno? Acéptanse suxerencias de resposta(s).
- E xa postos a aforrar, outra cousa que non custa nada é explicarlle á xente a situación herdada e sinalar os responsables. Porque se o exceso de benevolencia co socio necesario pode constituír unha torpeza, co inimigo é simple e chamente un suicidio. Non é de recibo que a sociedade non recibise explicacións claras e contundentes sobre os desmandos da era Fraga: dilapidación de fondos europeos, establecemento de redes clientelares, privatización semicoberta de servizos públicos, tutela dos medios de comunicación, corrupción xeneralizada... Do mesmo xeito, non se comprende que permitísenos a Feijoo presentarse como un candidato sen pasado que ocultar e como o renovador das caducas estruturas do PPdeG. A ausencia de ataques –veraces, claro está– contra el propiciou que personalizase na súa figura os apoios ao PPdeG/PP, tornándoo o líder que non era. Ao mesmo tempo, as invectivas contra a segunda liña (Carrera, Negreira) viráronse ao seu favor, amplificando a súa dimensión de líder perante o seu potencial electorado e contribuíndo a mobilizalo. Esa condición de líder impoluto, unida á situación de crise económica, á percepción dun goberno dividido, á fortaleza do propio PPdeG e aos acertos deste partido (eles si entenden os resortes que moven ás xentes deste país; saben vender a ficción de que presentan un equipo unido, ao invés dun conglomerado composto por sucesivas capas de conglomerados diversos; e aínda por riba son mellores discípulos de Lenin ca nós, pois eles si atacan á cabeza do inimigo), foi esencial para que tivesen algunha posibilidade de vitoria, escenario que nin nas súas máis idílicas ensoñacións poderían ter

635– imaxinado mesmo despois do notable incremento do voto urbano que colleitaron en 2007.

640–  
645–

- Hai aínda un outro elemento que non nos perdoaríamos obviar, como é que o estilo de campaña baseado no presidencialismo e no marketing de deseño non combina nin co noso discurso, nin coa nosa traxectoria, nin coa nosa militancia, nin coa percepción que de nós ten a nosa base social, nin coa representatividade real que até agora conquistámos, nin seguramente coas nosas posibilidades financeiras, e probablemente nin sequera combina co talante dos nosos candidatos, elementos na nosa opinión sobradamente suficientes como para que sexa profundamente alterado en adiante.

650–

Cando algúns compañeiros, nestes días de desasosego, nos teñen preguntado “Pero... tan mal o fixemos?”, a nosa resposta espontánea sempre foi un “non” que, aos poucos, sen percibilo, á medida que avanzaba a conversa, fomos matizando coa crítica das cousas que pensamos que deben mellorar. Despois de ter escrito e relido as páxinas anteriores, confesamos que da próxima vez non sabemos cal será a nosa resposta se nos repiten a mesma pregunta.

655–

- Xestión municipal 2007-2011

660–  
665–  
670–

- Sería precipitado realizar un balanço con vontade conclusiva en pleno mandato, pero o visto até aquí non nos convida a retirar as críticas realizadas a respecto da anterior lexislatura municipal, e até nalgúns casos a situación parece ser de progresivo deterioro. O que si queremos expresar con clareza, mentres estamos a tempo, é que das dúas, unha: ou se aborda inmediatamente unha análise seria dentro do BNG e se procede a unha profunda renovación non só no ámbito nacional, senón tamén no local, ou moito tememos que 2011 nos reserve desagradables momentos. E non debemos ignorar que calquera proceso de rexeneración que se emprenda agora non pode darse ao luxo de ter un fracaso estrondoso dentro de dous anos. Se hai que cortar na propia carne, fágase. Pero fágase ben, para que non sexa necesario pasar novamente por iso, polo menos no curto (nin no medio) prazo.

### **Necesidade de renovar e reformular o BNG**

675–

A necesidade de renovación do BNG non é para nós un axioma apriorístico, senón o resultado da análise rascañada nos apartados anteriores. Cremos que esta é unha necesidade que sente grande parte do BNG. E aqueles que así o fagan, por forza haberán de concordar tamén en que dificilmente se pode encarar a tarefa de renovarse *aggiornando* os rostos e a mensaxe cara afora, mais mantendo a mesma concepción organizativa que está na raíz de moitas das

680– eivas sinaladas.

Por iso mesmo, debemos afrontar sen complexos nin dogmas preestablecidos o debate sobre a necesidade de reformar as estruturas do BNG. E unha condición indispensable para isto é que teñamos unha idea clara e compartida do que vén  
685– sendo o BNG.

Na súa fase inicial de configuración (ANPG, BN-PG), o frentismo de esquerdas xorde como unha ampliación da UPG cara a un espectro social máis amplo, proceso que pretende culminarse en 1982 coa refundación no modelo do BNG  
690– que, basicamente, se mantén até hoxe. Porén, en 1982 non se conseguiu a desexada e deseñada unificación da esquerda nacionalista, e produciuse entón no recién nacido BNG unha frustración e unha reacción “ortodoxa” e en boa medida de fechamento sobre si mesmo, que só despois do desastre electoral de  
695– 1985 se modifica, no que constituiría un momento de refundación do BNG –no plano político, aínda que non no organizativo– que supuxo un acerto estratéxico crucial para o posterior ciclo de desenvolvemento e implantación social da esquerda nacionalista galega. Con todo, o BNG mantiña a súa esencia orixinal, isto é, a dunha frente de resistencia popular nucleada en torno dun partido comunista. Esa característica de ser unha forza de resistencia –e até de  
700– resiliencia– resultou acaída para converterse, grazas a unha intelixente acción estratéxica, na oposición real á era Fraga que comezaría a seguir.

Ábrese entón o momento máis doce da aínda xove historia do BNG, con decisións valentes fuxindo do curtopracismo. Como froito deses acertos, mediada  
705– a década dos '90 o BNG atinxe o clímax: a unificación, en termos prácticos, da esquerda nacionalista galega (dito sexa sen ningunha clase de desprezo polas forzas que aos poucos se escinden da UPG); un aumento constante de apoio social; e, finalmente, a consecución do *sorpasso* en termos electorais como reflexo dunha franca melloría na conexión con amplos sectores sociais que tiña  
710– propiciado o *sorpasso* social. Pero ocorre que, se xestionar as épocas de crise –como a actual, sen ir máis lonxe– é complicado, non o é menos administrar os momentos de bonanza, pois tamén supoñen un reto.

En outras palabras: o BNG culminou a consecución, en 1997, de todos os  
715– obxectivos para os cales tiña sido concibido, e debía afrontar a partir de entón un debate sereno sobre o seu porvir. Pero o éxito cegounos, e xa se sabe que cando o equipo gaña a afección perdoa calquera erro, aínda que iso implique unha hipoteca para o futuro. Foi aí cando o BNG comezou a morrer de éxito –e de falta de autocrítica, por que non dicilo–. O modelo frentista tiña sido formulado  
720– para conseguir a acumulación de forzas; para conseguir un apoio social interclasista; para exercer como fórmula de resistencia e de defensa dos intereses populares fronte á dereita; e para tornarse a forza hexemónica da esquerda. Todos eles foron obxectivos plenamente atinxidos; pero non quixemos ver que tales logros, ao mesmo tempo que daban validade á traxectoria frentista  
725– seguida até entón, tamén exixían a súa redefinición, por canto plantexaban unha

crise –no sentido máis propiamente dialéctico da palabra– de crecemento. Daquela, negámonos ao debate, que poderíamos ter abordado desde unha posición vantaxosa, e non nos preparámos para seguir crecendo. Os resultados saltan á vista. E as leccións, desde a nosa óptica, tamén: cada voto que recibiu o  
730– BNG significa unha man tendida e expectante; depende de nós apertalas ou desprezalas. Se novamente ignorarmos as necesidades dos tempos, serán os tempos os que, tal vez máis cedo do que tarde, acaben por engulirnos.

Para que iso non aconteza, debemos asumir varias verdades incómodas. A nós  
735– ocorrénsenos, polo menos, as que enumeramos a seguir:

- Asunción da obsolescencia do carácter frentista como fórmula de organización política. Séndomos conscientes de que o BNG está conformado por militantes sen adscrición –a enorme maioría silenciosa e tantas veces ignorada– e por unha considerable diversidade de partidos e colectivos organizados, non pretendemos arrogarnos o dereito a decidir por outros, ou sexa, a dicirlle aos colectivos hoxe existentes o que deben facer, pois é esa unha decisión que lexitimamente corresponde aos seus membros. Con todo, pensamos que é o momento da xenerosidade, da altura de miras e de colocar o BNG como proxecto común por riba dos particularismos. De non actuarmos con estas claves, o panorama que se divisa non é só preocupante, senón desesperador: enfrentámonos a un serio risco de que a esquerda nacionalista se fracture en tres. Unha forza socialdemócrata e altermundista; outra, comunista e independentista; e unha terceira, cos que reste do que hoxe é o BNG. Iso, sen falar dos posibles desertores rumbo á *casa común*. Desexamos ferventemente que esa perspectiva nunca se materialice, pero temos claro que a vontade dos que asinamos este documento non é condición suficiente para que así sexa. Moi ao contrario: necesítase a suma de todas as vontades para traballar conxuntamente nun proxecto común, ilusionante, de carácter radicalmente democrático tanto no discurso e na práctica social canto no funcionamento interno. Só xuntos (xuntos ≠ arrimados) temos futuro e podemos axudar a que Galiza como nación en construción tamén o teña.  
740–  
745–  
750–  
755–
- Asunción, en relación co punto anterior, da inviabilidade do BNG como proxecto hexemónico no seo da sociedade galega, coa súa actual configuración organizativa.  
760–
- Asunción da necesidade doutras forzas de carácter nacionalista (ou nitidamente galeguista) para que a dialéctica política galega teña o seu eixo no país e non en instancias foráneas.  
765–
- Asunción da contradición entre a nosa representatividade social e o nivel de poder institucional acumulado. Probablemente, somos a forza política da Europa con maior ratio *nº de cargos institucionais/nº de militantes*. Obviamente, iso transmite á cidadanía a impresión –non sempre errada–  
770–

de apego aos cargos públicos, de pactar en interese propio e non do país, e até de sermos unha especie de axencia de colocación interna. E nada diso rima cunha forza de esquerda transformadora.

775–

- Asunción da insuficiencia ideolóxica do noso actual discurso baseado no nacionalismo como único eixo articulador, ben como da súa imprescindible inserción en coordinadas ideolóxicas de esquerda transformadora.

780–

- Asunción das deficiencias na nosa comunicación coas organizacións sociais de esquerdas e/ou nacionalistas. É necesario establecer de vez unha cultura de colaboración desde o diálogo permanente, o mutuo respecto e a lealdade recíproca. Nin se debe repetir o erro de intentar teledirixir colectivos que son lexitimamente independentes, e así debe ser, nin asistir pasivamente a comportamentos desleais, como o que tivo a CIG a respecto do BNG durante a xestión na Xunta, que en pouco ou nada se diferenciou da oposición que facían a Gobernos autonómicos anteriores. O inimigo común ten un arsenal máis do que suficiente como para que desde a esquerda nacionalista o incrementemos con “fogo amigo”.

785–

790–

Este panorama require de todos nós un esforzo de debate, de clarificación e de adopción de decisións valentes, e é nese sentido que desexamos achegar a nosa contribución nas liñas seguintes.

795–

### **Propostas para a rexeneración do BNG**

800–

Antes de pasar á relación das propostas para a renovación do BNG, é importante subliñar que a propia necesidade de renovarse é consecuencia non dun fracaso electoral puntual, senón dunha deriva política e organizativa de ampla traxectoria, polo que non cabe por parte de ninguén cair na tentación de atribuír o fracaso a determinadas faccións, pois é de todos no BNG. Como non debemos tampouco incorrer no erro de analizar os resultados electorais nacionais, provinciais, comarcais e locais neses termos. A renovación só pode ser feita desde a xenerosidade e a humildade, non desde a mesquiñaría. Cumpre, pois, pluralizar o fracaso, e non deixalo orfo.

805–

810–

A clave da solución tampouco consiste nunha deriva mecánica á esquerda ou ao soberanismo, nin a unha política de trincheiras contra o PPdeG. O futuro pasa por resgatar o mellor de nós mesmos, pois o proxecto do BNG segue sendo perfectamente válido e viable, e está –salvo erro maiúsculo da nosa parte– socialmente consolidado. Mais esas condicións de validez, viabilidade e consolidación social aínda son limitadas e insuficientes, e daí a premente necesidade de repensar quen somos, para quen falamos e a quen representamos e desexamos falar e representar, e como facelo. Pois ben, eis as propostas para iniciar a camiñada nesa difícil e ilusionante trilla:

815–

1. Recuperar o papel da militancia como auténtico poder soberano do BNG, tanto no ámbito nacional como no territorial. Para iso, é de todo punto imprescindible a convocatoria inmediata dunha Asemblea Nacional que, como o propio termo indica, só pode ser asemblearia, ou sexa aberta á participación de toda a militancia. É este un imperativo categórico: ou así se fai, ou non será posible conseguir a máis do que necesaria reactivación da base militante e social do BNG. E ten que ser urxente porque non se pode desperdiciar o inicio da lexislatura como momento privilexiado de renovación e de configuración da nosa política de oposición. Aínda máis: na nosa opinión, deberíase tratar dunha asemblea de carácter extraordinario, xa que a situación política tanto do país como do BNG así o reclama; no seu defecto, urxe o adiantamento da asemblea ordinaria prevista para o outono. E, desde logo, a convocatoria de eleccións europeas non debe ser utilizada como unha coartada para adiar o proceso de debate e de autocrítica, senón en todo caso como un estímulo para abordalo xa. Dicimos isto porque para o BNG as eleccións europeas están lonxe de ter, neste preciso momento, unha relevancia fundamental, e porque aínda por riba chegar a esa cita electoral sen ter presentado á sociedade un proxecto renovado só contribuiría a diminuír os apoios que poidamos recibir e a desaproveitar a atención dos medios durante o período (pre)electoral para lanzar as nosas mensaxes.
- 820–
- 825–
- 830–
- 835–
- 840–
- 845–
- 850–
- Sendo fundamental a convocatoria dunha Asemblea Nacional coas claves que vimos de expor, non o é menos que a tomada de decisións no ámbito local tamén sexa realizada mediante mecanismos democráticos e asemblearios. Un exemplo notorio: é evidente que os resultados destas eleccións teñen unha innegable incidencia sobre os gobernos municipais de coalición nos cales participa o BNG. Pois ben, ao que parece algúns grupos municipais do BNG considéranse lexitimados para convocar reunións internas e, a partir daí, adoptar e expresar publicamente decisións que, en boa lóxica democrática, corresponden ao BNG como organización e, por conseguinte, ao conxunto da militancia. Cumpre rectificarmos ese tipo de prácticas coa maior urxencia.
2. Renovar o propio concepto de militancia, ampliándoo e tornándoo máis atractivo e eficiente. Considerar que un bo militante é o que pega carteis, reparte folletos ou axita bandeiras pode ser correcto, pero é excesivamente redutor. Un bo militante tamén é o que achega ideas, o que dá información valiosa sobre o seu ámbito de actuación profesional e/ou social, o que discute no seu medio vital as cuestións políticas desde perspectivas galeguistas e de esquerdas, ou o que dá exemplo de honestidade e de tolerancia, por exemplo. E, por último, un bo militante na maioría das veces non ten carné nin paga cotas. Se conseguimos adoptar esta visión da militancia, certamente o relacionamento coa sociedade será máis fluído e máis frutífero.
- 855–
- 860–

865– Loxicamente, a revisión do concepto de militancia tamén implica mudanzas organizativas, notadamente na redefinición das comisións políticas (no nivel nacional, comarcal e local): axenda de debate, persoas e colectivos convidados a participar, periodicidade...

870– 3. Impor límites á permanencia de membros do BNG (ou de persoas escollidas nas nosas listas electorais) en cargos de representación pública, tanto na estrutura interna como especialmente nas institucións públicas. Esta medida non responde a unha exigencia social inmediateista, senón a unha profunda conveniencia democrática. Temos que asumir que a perpetuación no poder (sexa executivo ou lexislativo, sexa no plano orgánico) crea inercias desmobilizadoras, cando non puramente conservadoras. Ademais, os auténticos líderes non son os que gañan eleccións, senón os que crean equipos de traballo e relevos capaces de seguir conducindo e dinamizando o proxecto socialmente transformador que o BNG propón e representa.

880– 4. Por outra parte, non se debe confundir a desexable identificación entre o BNG como organización e os cargos públicos que o representan nas institucións, coa identidade das persoas que asumen a dirección desas dúas dimensións políticas. Moi pola contra: a identificación ten que [tender a] ser plena no relativo ao proxecto político, pero só parcial no tocante ás lideranzas, ou se non seguiremos a asistir á dependencia da organización a respecto dos cargos institucionais e á progresiva desmobilización da militancia, coa conseguinte perda de capital político para o BNG. A fin de evitar estas eivas, é preciso diferenciar claramente as funcións, de modo que haxa dirixentes que non son candidatos, e candidatos que non son dirixentes.

895– 5. Transformación, a curto prazo, do BNG nun partido nacional galego democrático, republicano e de esquerdas. E, como consecuencia de todo iso no presente momento histórico, nacionalista. Un partido cun funcionamento assembleario, que acepte a existencia de correntes internas e que elabore as candidaturas mediante primarias en todos os ámbitos. Un BNG no cal non se precise de ningunha outra “etiqueta” que a do BNG para optar a exercer papeis de responsabilidade. Un BNG onde non existan cotas de poder reservadas a minorías organizadas, mentres a inmensa maioría da militancia carece de representación. Un BNG onde non existan vetos, nin de colectivos internos nin de organizacións próximas nas cales eses mesmos colectivos teñen papeis de dirección, senón no que se constitúan equipos. Un BNG onde non existan doutrinas senón o permanente esforzo de construción de ferramentas de análise e de intervención política acaídas aos tempos. Un BNG sen “ismos”, e por riba de todo sen personal“ismos”, senón entendido como un proxecto colectivo. En fin, un BNG da xente e non dun ou varios grupos de dirixentes. Por certo, aínda menos mal que a sociedade xa nos percibe como un partido:

910– alguén imaxina cal sería o resultado se fose público e notorio como temos  
funcionado até aquí?

O BNG non pode xa máis ser concibido como un conxunto de proxectos:  
porque pola súa traxectoria ten se consolidado como un só proxecto social  
e ten definido o seu perfil político e o seu campo de actuación social, e  
915– porque, dito sexa desde o maior respecto, non se aprecia que ningún dos  
colectivos hoxe existentes defenda –alén das inevitables diferenzas  
retóricas– un proxecto diferenciado do que o BNG propón. Preguntémonos, por último, algo tan simple como: se non formos capaces  
de chegar entre nós a un proxecto de síntese, no cal todos contribúan  
920– proporcionalmente á súa bagaxe, como poderemos presentarnos ante a  
sociedade como un proxecto diferenciado, alternativo e transformador? A  
época de oposición na cal abondaba con posuír unhas directrices  
programáticas claras xa pasou. As nosas directrices son, sen dúbida, as  
correctas para o proxecto de transformar o país e de construír unha nación  
925– dona de seu. Pero deben ser concretadas en propostas programáticas  
capaces de abranxer a inxente diversidade de ámbitos específicos de  
actuación sobre os cales estamos obrigados a intervir, proporcionándolle  
así ao BNG como proxecto unitario o seu perfil político global. É necesario  
ter estudos e programas específicos para asuntos tan cruciais como o  
930– financiamento autonómico; a ordenación do territorio; a descentralización  
administrativa (no ámbito galego); o planexamento económico das áreas  
metropolitanas, urbanas e comarcais; a política económica e fiscal; as  
relacións laborais e a política de emprego; o desenvolvemento sustentable  
ambiental e socialmente; a política de investigación e desenvolvemento; o  
935– sistema educativo; a inserción dos inmigrantes; a política de seguranza; e  
tantos e tantos outros.

Se abordarmos estes retos, certamente estaremos nunha posición de grande  
vantaxe sobre o resto de forzas políticas galegas, as cales, ademais de carecer  
940– en moitos dos ámbitos sinalados de capacidade intelectual para formular  
alternativas, tampouco teñen vontade, pola súa propia esencia, de abordar o  
estudo dos problemas desde unha perspectiva dos intereses de Galiza, e moito  
menos dos intereses das clases traballadoras galegas. E falamos de clases, en  
plural, porque a estrutura partidaria que propomos non exclúe o interclasismo, do  
945– mesmo xeito que a estrutura frentista non o garante. E exemplos hai tantos, e tan  
próximos, que consideramos innecesario enumeralos.

É claro que falar é fácil e construír leva máis tempo. Por iso mesmo, somos os  
primeiros a defender que hai que estudar profundamente os temas chave de  
950– futuro, creando proxectos sólidos e non só de papel. E iso só se conseguirá  
creando equipos plurais, abertos á sociedade e constituídos con base en criterios  
de capacidade e non de adscrición; con líderes que coordinen os equipos e lle  
confiran un perfil nitidamente político ás propostas. Porque esa é outra das  
claves de futuro: a reivindicación da política, o combate no campo das ideas; é aí

955– onde se pode conquistar o futuro, e onde se pode quebrar boa parte do apoio ao poder establecido, especialmente ao representado no plano político polo PPdeG. Polo contrario, na pura xestión, non se conquista o futuro, e nin sequera se gañan eleccións, pois a percepción social maioritaria é que a dereita xestiona mellor os cartos, e iso non se remove no curto prazo.

960–

### **Estratexia futura de relacionamento co PSdeG e co PSOE**

Aínda sendo o noso obxectivo central a análise das carencias e necesidades do BNG, non hai como ignorar a relevancia de interpretar e, se for o caso, reorientar o noso relacionamento a respecto do PSdeG. Na súa condición de noso socio privilexiado de goberno, debemos sinalar en primeiro lugar a súa deslealdade tanto a respecto do BNG como dos compromisos asumidos coa sociedade galega. Isto é de aplicación non só ao bipartito autonómico, senón que constitúe a regra xeral de actuación desta forza política nos ámbitos onde (co)governa. Non fai falta lembrar a lista de incumprimentos, por parte do PSdeG, dos compromisos alcanzados no Pacto de Goberno de 2005, que xa reseñámos anteriormente. E certamente tampouco é necesario gastar moito tempo para chegar á conclusión de que algunhas actitudes do PSdeG foron clave tanto para impedir un mellor funcionamento da Xunta canto para transmitir á sociedade unha imaxe de división governamental; por citar só algunhas: bloqueo político ás iniciativas do BNG destinadas ao cumprimento de aspectos esenciais do pacto, tales como a reforma da CRTVG ou da Lei Electoral; bloqueo financeiro ás áreas de goberno do BNG, non só desde as instancias da Xunta, mais tamén utilizando en beneficio partidista os resortes de poder do Goberno Español nas mans do PSOE; estratexia de filibusterismo na adxudicación do concurso eólico; campaña electoral errática, tendo como obxectivo principal o enfraquecemento do BNG ao invés da vitoria conxunta, que era a única vitoria posible; e, finalmente, ausencia de autocritica perante a derrota, culpabilización do socio e continuidade da cúpula dirixente.

A isto debemos unir que, debido á absoluta falta de autonomía política e orgánica do PSdeG a respecto do PSOE, resulta evidente que o discurso do PSdeG aquí en adiante será completamente dependente da liña política do PSOE estatal, aínda máis ao verse privado do poder autonómico e, por tanto, de calquera posibilidade/vontade de construír un discurso e unha práctica política sen tutelas e centrada nas necesidades do país.

Este escenario tórnase aínda máis preocupante se analisarmos a campaña nacionalista española que os poderes mediáticos e a dereita política viñeron desenvolvendo nos últimos anos e que culminou na viraxe [resulta difícil calificala como meramente táctica ou de fondo calado e por tanto estratéxica, debido á errática traxectoria do Goberno español e do partido que o sustenta tanto neste asunto como en tantos outros] do PSOE cara a posicións ideolóxicas centralistas e prácticas políticas de marxinação do nacionalismo. Véxase o caso de Navarra,

onde un pacto implícito entre o PSOE e o que daquela era UPN/PP frustrou a expectativa e a exixencia de cambio da sociedade, argumento que cinicamente empregan agora eses mesmos actores no caso do País Basco, onde ademais vale o “pacto de perdedores” que se critica en latitudes ben coñecidas por nós.

1005– Ou, sen saír do noso país, os reiterados incumprimentos e as inxustificables dilacións na transferencia de competencias xa aprobadas, que non foron efectivadas nin sequera na situación de debilidade parlamentaria na cal se encontra o Goberno español.

1010– Os datos apuntan claramente nunha soa dirección: o próximo paso da camiñada conxunta do PSOE e o PP niso que eles denominan “pactos de Estado” deberá ser a tentativa de fechamento do modelo autonómico tanto en materia competencial como financeira. Só así se explica a demora propositada do Goberno en dar fin á negociación do financiamento, como estratexia para

1015– explorar o terreno e para decidir e tecer as alianzas oportunas: co PP en solitario, mesmo escenificando discrepancias de cara ao seu propio electorado, ou tamén co catalanismo moderado de CiU, como coartada para defenderse de eventuais acusacións de promover un frente antinacionalista.

1020– Un fechamento “consensuado” co PP e coas forzas maioritarias catalás serviríalle ao PSOE como saída ao órdago do PSC (e das forzas catalás no seu conxunto) e como estratexia para tentar provocar un enrocamento das forzas políticas que non consegue assimilar nin fagocitar (PNV, ERC e BNG, cuxos descensos electorais son interpretados unanimente polas forzas políticas e polos medios

1025– españois como a “corrección dunha anomalía” e que, no novo contexto, serán crecentemente acusadas de promover “excesos identitarios”), constituíndo este último elemento unha aposta por parte do PSOE de fuga cara adiante perante a encrucillada que se lle presenta no País Basco.

1030– Frente a isto, cumpre definir con toda clarezza liñas diferenciadoras baseadas na reivindicación e defensa da pluralidade, da radicalidade democrática e dos dereitos cívicos. Como tamén cumpre explicar a partir de agora o que non soubemos explicar antes, sen enlearse en querer seguir sendo goberno nin transmitir a sensación de estarmos instalados no pasado, senón de desintoxicar

1035– a percepción que de nós e da nosa xestión se deu.

Igualmente, asistimos con preocupación a unha aposta do PSdeG por un afastamento de posicións minimamente dignas de defensa da identidade e dos intereses galegos. Baste como exemplo a actuación dos alcaldes deste partido

1040– nas grandes cidades galegas, que –coa excepción do alcalde compostelán– expresan sen ningún rubor a súa oposición permanente ás políticas do BNG tanto onde somos socios como onde exercemos a oposición, con especial notoriedade no caso do concello de Lugo, que está a ser utilizado como laboratorio político dunha entente PSdeG/PPdeG. Na mesma liña de renuncia a

1045– calquera reivindicación galeguista podemos encadrar a campaña do candidato do PSdeG á presidencia da Xunta e a análise da derrota electoral por parte do seu

partido, empeñado en culpabilizar o BNG no canto de abrir un proceso de debate e autocrítica. Por certo, un perfecto exemplo do que non debemos facer.

- 1050– Súmense a isto os “cantos de serea” mediáticos instando o PSdeG a marcar distancias a respecto do presunto radicalismo identitario do BNG e a rectificar o “entreguismo” (ulo?) do PSdeG nos brazos dos nacionalistas. Vista a torpeza demostrada reiteradamente polo PSdeG, que probablemente alcanzou o seu apoxeo na alianza en plena campaña con La Voz de Galicia, resulta máis que probable que erren máis unha vez e insistan en continuar por esa vía.

- O PSdeG (alén da súa permanente indefinición como forza política nacional galega, cun discurso e unha práctica no mínimo ideoloxicamente progresista, e organizativamente dotada de certo grao de autonomía a respecto do PSOE) enfréntase a unha época de zozobra perante a caótica actuación do Goberno español, a desorientación da cúpula dirixente do PSOE e a dilución do “efecto Zapatero” –aspecto do cal a propia campaña galega, ben como o resultado electoral, son mostras ben patentes.

- 1065– Certamente, este panorama non semella ser o máis propicio para referendar, mecanica e irreflexivamente, nin a política de pactos co PSdeG na Galiza nin o apoio parlamentar ao PSOE en Madrid. Ao noso xuízo exige, polo contrario, a adopción de decisións radicalmente diferentes:

- 1070– ● Construír (e recuperar, pero sobre todo construír) un perfil e un discurso político propios do BNG, asumindo a imposibilidade, no plano nacional, de exercer unha oposición conxunta, sen que isto obste para o establecemento de espazos de coincidencia sempre que a acción da Xunta así o requira. Xa no ámbito municipal, facer unha diagnose particular de cada caso –mentres aínda hai tempo de mudar o rumbo até a nova cita electoral– e pór fin de maneira ordenada a todos aqueles pactos que, ou ben non son viables debido ás circunstancias locais, ou ben simplemente foron asinados contra natura (o caso do concello d'A Coruña é dunha tal contundencia que dispensa maiores comentarios).
- 1075–
- 1080– ● Definir equipos de traballo locais e comarcais inmediatamente, co cometido de preparar o programa das eleccións municipais vindeiras e de establecer estratexias diferenciadas para cada cidade, área metropolitana ou comarca.
- 1085– ● Exercer no Parlamento español unha política de oposición sen ambigüidades, sempre desde actitudes construtivas e dialogantes, pero exixindo o mesmo da outra parte. Deixar de servir como muleta dun partido e dun goberno que non cumpren os seus compromisos con Galiza nin mostran a menor disposición a facelo no sucesivo, senón todo o contrario.
- 1090–

Todas estas consideracións lévannos a formular, de maneira explícita e rotunda, a necesidade de reorientar a política de pactos co PSdeG e de apoio ao PSOE. E  
1095– facémolo en nome da coherencia e das necesidades sociais e políticas do país, non en clave de beneficio electoral ou de calquera outro tipo para o BNG. Mais tamén ese elemento, se vier á tona, incidiría na mesma liña, xa que resulta evidente do estudo dos datos que a parte débil dos bipartitos locais pagou máis a  
1100– factura das urnas no 1-M, como xa acontecera anteriormente en convocatorias municipais. Recorrendo novamente ao exemplo das grandes cidades, o BNG resiste razoablemente mal onde goberna (Pontevedra), onde forma parte dun bipartito estable (Santiago) ou onde é oposición ao PSdeG (Lugo), mentres se afunda onde exercemos como tontos útiles (A Coruña, Ourense) ou simplemente onde desistimos da política (Ferrol).  
1105–

### **Estratexia futura de relacionamento co PPdeG e co novo Goberno Galego**

A estratexia de relacionamento co PPdeG debería ter comezado na mesma noite electoral, recoñecendo non timidamente como se fixo, senón sen ambigüidade nin rubor, que o PPdeG conseguiu unha vitoria contundente, cun plus de  
1110– lexitimidade –e, conseguintemente, tamén de responsabilidade– dada a alta participación e con tanta limpeza na votación como impudicia na campaña. Falando da claridade do triunfo do PPdeG, non está de máis apuntar que, desde  
1115– o noso punto de vista, resulta preferible ter perdido un deputado antes que verse na disxuntiva de escoller entre permitir un goberno do PPdeG en minoría ou reeditar o pacto grazas ao voto exterior.

Indubidablemente, o noso labor de oposición virá inexorablemente condicionado polo tipo de políticas que o PPdeG coloque en práctica. E, nese sentido, tanto o  
1120– PPdeG como, máis especificamente, o presidente electo encóntranse perante un labirinto cuxa saída probablemente non sexan capaces de atinxir. Explicámonos brevemente. Feijoo é un gañador accidental: un candidato que virou presidente sen nunca ter albiscado esa posibilidade, polo que renunciou a elaborar un  
1125– programa e un equipo de goberno, limitándose a blindarse contra unha posible oposición interna; que enterrou o sector “galeguista” do PPdeG para ter as mans libres á hora de realizar oposición; que prometeu (facер e desfacer) o que non pensaba cumprir; que non posúe os instrumentos que lle negou a Galiza (Estatuto e as conseguíntes ferramentas, sobre todo en tempos de crise); que  
1130– non pode confiar funcións de goberno ao equipo que el mesmo deseñou, debido á falta de competencia e/ou á posibilidade de que afloren novos casos de corrupción no primeiro escalón do seu goberno; e que descoñece a deriva que pode tomar o seu partido a nivel estatal cando culminen as investigacións actualmente en curso. Un presidente accidental, en fin, que non ten talla para  
1135– enfrentar a grave crise que sufrimos: e como iría ter talla para tanto quen carece dela para sequera debater publicamente? Por se iso fose pouco, calquera tentativa de desmontar as conquistas sociais postas en funcionamento polo BNG porbablemente levantará resistencias en moitos alcaldes do seu partido –feito

1140– que, por certo, constitúe un grande activo para reivindicar as contribucións do BNG na súa pasaxe polo Goberno Galego, ben como para explicar o moito e bo que deixará de ser feito debido ao cambio de executivo.

1145– Por último, Feijoo estivo durante a última lexislatura e a recente campaña instalado na irresponsabilidade, cómoda na oposición, mais difícil de emendar na pasaxe ao goberno. Sobre todo porque se comprometeu coa metade que o votou a gobernar contra a outra metade, elemento que temos que pór de relevo como mecanismo de desgaste da Xunta e fundamentalmente do propio Feijoo. Os seus primeiros pasos poselectorais parecen confirmar ese grave erro pola súa parte, ignorando, polo que parece, que na sociedade galega arraigou un nivel de  
1150– exixencia a respecto dos gobernantes (representado no xa histórico “hai que botalos”) que a partir de agora vale para todos – inclusive para os bipartitos que aínda existen.

### 1155– **Outras consideracións**

A análise electoral non sería completa se deixásemos de considerar dúas novidades de relativa importancia: (i) a consolidación de TeGa na provincia d'A Coruña, notadamente nos seus feudos de Ferrolterra e Bergantiños, como un  
1160– actor político a ser tomado en conta se, a medio prazo, consolida e amplía a súa presenza; e (ii) a preocupante irrupción de UpyD en moitos concellos galegos, cun nivel de apoio significativamente homóxeneo nos núcleos urbanos e vilegos.

1165– O que non chega a constituír novidade ningunha é a irrelevancia social e política así de EU-IU como do independentismo externo ao BNG.

### **Propostas complementarias**

1170– Ademais das propostas que fomos debullando ao longo destas páxinas, hai outras que desexamos colocar na pauta do debate, e que relacionamos a seguir:

1175– ● Asumir como criterio xeral permitir que governe a candidatura máis votada. Obviamente, dependendo da análise de cada situación concreta e da garantía de gobernabilidade institucional.

1180– ● Propor unha reforma da lexislación electoral que poña fin aos topes electorais mínimos (mesmo que isto poida chega a favorecer a unha forza política tan deleznable como UpyD), que fomente os mecanismos de proporcionalidade directa, que limite e regule o voto exterior e que recoñeza plenos dereitos electorais aos inmigrantes censados en Galiza.

● Concorrer ás eleccións europeas deste ano en solitario, como partido unificado e renovado.

1185–

- Propor ás forzas políticas do Parlamento galego que todas as iniciativas aprobadas por unanimidade nesa cámara sexan defendidas conxuntamente polas correspondentes forzas políticas no Parlamento español, mediante a constitución unicamente para ese efecto dun grupo interparlamentario galego.

1190–

- Enterro táctico do lusismo, que debe ser entendido como unha aposta a longo prazo e sustentarse non só na irmandade lingüística coa lusofonía, senón tamén en lazos económicos e comerciais privilexiados cos países que a compoñen. Na nosa terra, debemos falar a lingua da nosa xente, nas dúas dimensións da expresión: facer da lingua un instrumento de identificación, e de construción dos enunciados acaídos aos tempos.

1195–

- Reivindicar o esforzo, o traballo, a ética, a honestidade e a austeridade como valores de esquerda, pois sonno, e é un erro deixar que a dereita os monopolice espuriamente. Obviamente, a defensa destes valores debe ir parella á doutros tales como a solidariedade, a loita pola igualdade de dereitos e pola xustiza, a defensa das liberdades, a democracia radical, etc.

1200–

1205–

- Introducir na axenda política elementos até agora non suficientemente valorados polo conxunto das forzas políticas, como por exemplo o establecemento de mecanismos de absoluta transparencia do gasto público, con énfase nas contratacións, medida que debemos implantar de inmediato alí onde aínda gobernamos; e igualmente, de mecanismos activos de defensa dos dereitos dos consumidores.

1210–

- Entender e utilizar os canais de comunicación coa militancia (e coa base social en xeral) na súa verdadeira dimensión: como canais bidireccionais de fluxo de información e de opinión. De pouco serve enviar SMS ou correos electrónicos repartindo consignas e chamando a propagalas, se ao receptor se lle nega a posibilidade de utilizar esa mesma vía para facer as súas achegas. Ou a militancia é protagonista no proceso de conformación da opinión política do BNG, ou é considerada un mero figurante. O noso posicionamento, claro está, é rotundo en prol da primeira opción.

1215–

1220–

## **Coda**

1225–

Gustaríanos sinceramente que o debate que se abre despois da derrota electoral fose entendido como un proceso non de enfrentamento, senón de colaboración xenerosa e leal entre todos os que formamos o BNG. Porén, non somos tan inxenuos como para pensar que todo o mundo compartirá esta actitude e este modo de ver as cousas. Por iso, antes de concluír desexamos recordar a

1230–

Shakespeare, xenial retratista das loitas polo poder e grande coñecedor das paixóns humanas, cando dicía *“mañán, na batalla, pensa en min”*. Gústanos imaxinar que esas palabras llas dirixe Galiza ao BNG, e que son escoitadas. Oxalá sexamos capaces de estar á altura.

1235–

Polo que a nós respecta, rogamos que todos os que leades estas páxinas nos fagades chegar as vosas críticas, certos de que só contribuirán a enriquecernos.